



**Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional
Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia**

Programación da disciplina

Nome do centro: Escola de arte e superior de deseño de Santiago

Titulación: Estudos superiores de deseño de produto

Materia: Fundamentos de deseño

Disciplina: Fundamento do deseño

Curso: Primeiro

Carácter: F.B.

Tipo: T.P.

Docente: Gala Curros Varela

Ano académico: 21-22



Índice

1	Identificación e contextualización.....	3
2	Organización dos contidos.....	3
3	Avaliación.....	4
3.1	Criterios de avaliación.....	4
3.2	Procedemento.....	4
3.3	Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.....	4
3.4	Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación.....	4
3.5	Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais.....	4
4	Metodoloxía, recursos e actividades complementarias.....	4



1 Identificación e contextualización

Idiomas	Castelán e galego
Departamento	Deseño de Produto
Profesor/a	Gala Curros Varela
Correo electrónico	galacurros@edu.xunta.gal
Web	www.easd.es
Créditos ECTS	Distribución horaria dos créditos ECTS: 4 Horas totais: 100 Horas de clase semanais: 2 Horas de clase no curso: 72 Horas de traballo non presencial: 28 Horas titorías: 8
Horario	Horario de clase semanal: Grupo A produto: martes 13:20-14:20 e mércores 13:20-14:20 Grupo B produto: mércores 12:20-13:20 e venres 10-11 Horario de titorías: Martes 9-10 e 11:20-13:20 Xoves 10-11
Descritores	Cñecementos básicos do deseño: estrutura, forma, cor, espazo e volume. Análise da forma, composición e percepción. Antropometría, ergonomía e introdución á biónica. Teoría, metodoloxía, ideación e concepción do proxecto.
Contidos	O deseño: fundamentos prácticos e teóricos. A metodoloxía proxectual. Os elementos analíticos e sintácticos do deseño. Propiedades visuais da forma. Traballo con formas básicas: bi e tridimensionais. Transformacións. O factor humano no deseño. Ideación e concepción do proxecto.

2 Organización dos contidos

BT	Bloque temático/contidos	Actividades	Temporalización	Calendario
1	INTRODUCCIÓN	Presentación da asignatura	2 sesións	SETEMBRO



2	<p>O DESEÑO. A CREATIVIDADE</p> <p>Qué é o deseño</p> <p>Metodoloxía proxectual</p> <p>A creatividade</p>	<p>Avaliación inicial mediante enquisa-cuestionario.</p> <p>Lectura "Qué es el diseño?" de Isabel Campi. Comentario/debate.</p> <p>Análise e comentario de obxectos. Os adxectivos que definen o deseño.</p> <p>Práctica comparativa de obxectos de deseño do s XX.</p> <p>Posta en práctica da metodoloxía proxectual coa resolución de problemas simples.</p>	10 sesións	SETEMBRO/OUTUBRO
3	<p>ELEMENTOS ANALÍTICOS E SINTÁCTICOS</p> <p>O eixo</p> <p>A simetría</p> <p>A xerarquía</p> <p>Ritmo e repetición</p> <p>Pauta</p> <p>Transformación</p>	<p>Exposición teórico-práctica e resolución das prácticas propostas</p> <p>Prácticas de deseño tratando os elementos</p>	8 sesións	OUTUBRO/NOVEMBRO
4	<p>ELEMENTOS PRIMARIOS DO DESEÑO BI E TRIDIMENSIONAL</p> <p>O punto</p> <p>A liña</p> <p>O plano</p> <p>O volume</p> <p>A textura</p>	<p>Exposición teórico-práctica e resolución das prácticas propostas</p> <p>Lectura obrigada. Kandinsky: Punto y línea sobre plano. Ejercicio de comunicación con formas.</p>	8 sesións	NOVEMBRO/DECEMBRO
5	<p>PROPIEDADES VISUAIS DA FORMA BI E TRIDIMENSIONAL</p>	<p>Exposición teórico-práctica e resolución das prácticas propostas.</p>	8 sesións	XANEIRO
6	<p>OS PERFÍS BÁSICOS</p> <p>O cadrado</p> <p>O triángulo</p> <p>A circunferencia</p>	<p>Exposición teórico-práctica e resolución das prácticas propostas.</p>	8 sesións	FEBREIRO
7	<p>OS SÓLIDOS PLATÓNICOS TRIDIMENSIONAIS</p> <p>Os poliedros</p> <p>Superficies e volumes de revolución</p>	<p>Exposición teórico-práctica e resolución das prácticas propostas.</p>	6 sesións	MARZO
8	<p>AS FORMAS BÁSICAS DO DESEÑO BI E TRIDIMENSIONAL</p> <p>Regulares</p> <p>Irregulares</p> <p>Transformacións</p>	<p>Exposición teórico-práctica e resolución das prácticas propostas.</p>	8 sesións	ABRIL



9	FORMAS E FIGURAS Psicoloxía da percepción Formas e figuras	Exposición teórico-práctica e resolución das prácticas propostas.	8 sesións	ABRIL
10	DISEÑO DUNHA FORMA. IDEACIÓN E CONCEPCIÓN DON PROXECTO Formas simples Formas múltiples Formas compostas Formas unitarias e superunitarias Figuras xeométricas e orgánicas	Exposición teórico-práctica e resolución das prácticas propostas.	6 sesións	MAIO
11	Biónica e biomimética, antropometría e ergonomía	Exposición e comentario de diferentes exemplos.	4 sesións	MAIO
12	PROBA FINAL ORDINARIA	Nas datas publicadas na web da escola.	–	MAIO
13	PROBA FINAL EXTRAORDINARIA	Nas datas publicadas na web da escola.	–	MAIO

3 Avaliación

Plantéxase unha avaliación continuada, cunha avaliación inicial e recuperación.

A avaliación inicial consiste nun cuestionario sobre o deseño, qué é, qué coñecementos inflúen nel e cal é a súa relación coa sociedade. Por medio desta proba avalíanse os coñecementos sobre deseño como disciplina en xeral e a capacidade do alumnado para redactar e argumentar a súa opinión.

3.1. Criterios de avaliación

Deberán de ser acordes cos establecidos na lexislación vixente: *DECRETO 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia*

CRITERIOS DE AVALIACIÓN COMÚNS ÁS TITULACIÓNS DAS ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES

1. Afacerse ás condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
2. Amosar condutas de liderado responsable na xestión de grupos de traballo.
3. Amosar unha actitude autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersonal.
4. Amosar unha actitude de responsabilidade no uso dos medios e recursos ao seu alcance en relación co patrimonio cultural e ambiental.
5. Apreciar a importancia da sensibilización social respecto do valor do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.
6. Apreciar a sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.
7. Esforzarse no traballo autónomo.
8. Formular razoada e criticamente ideas e argumentos.
9. Localizar e compilar información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
10. Manexar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
11. Manexar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.



12. Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
13. Preocuparse por buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
14. Usar as habilidades comunicativas e amosar unha actitude crítica construtiva no traballo en equipo.
15. Valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN XERAIS DO TÍTULO SUPERIOR DE DESEÑO

1. Amosar unha actitude aberta e positiva respecto das novidades tecnolóxicas, estéticas, sociais e artísticas máis recentes.
2. Aplicar a capacidade de recoñecemento organoléptico e sensorial dos materiais e produtos que interveñen no deseño.
3. Desempeñar eficazmente o traballo especializado en equipos multidisciplinares afectos a proxectos complexos.
4. Coñecer as tipoloxías históricas máis salientables desde o punto de vista estético, funcional e significativo do deseño.
5. Coñecer en profundidade o proceso proxectual nas súas dimensións estética, funcional e técnica.
6. Coñecer as implicacións sociais, económicas e laborais do deseño como feito diferencial nas sociedades avanzadas.
7. Coñecer e usar as metodoloxías de estudo e investigación que lle permitan a optimización de recursos e a innovación na súa actividade profesional.
8. Coñecer as características estéticas e funcionais dos produtos deseñados relacionándoas co contexto social, económico e cultural en que se produce.
9. Coñecer os valores significativos do deseño e aplicarlos na actividade proxectual propia.
10. Incorporar á súa actividade as tendencias estéticas e culturais con criterios de significación.
11. Controlar e defender os propios criterios estéticos na mellor defensa dos intereses dos/as consumidores/as, usuarios/as e clientes/as.
12. Introducir no proceso proxectual os valores da creación, a recreación e a innovación como valor engadido ao produto.
13. Expoñer verbal e documentadamente os seus proxectos, en calquera das fases de elaboración destes, a profesionais do sector usando o vocabulario e técnicas de comunicación adecuadas.



14. Expoñer e debater verbalmente os seus puntos de vista sobre a actividade proxectual propia e allea.
15. Expresar a través de recursos técnicos e intelectuais asimilados aos propios conceptos, coñecementos e posicións estéticas.
16. Identificar, coñecer e analizar un repertorio amplo e actualizado de propostas estéticas e funcionais que permita un enriquecemento das propias.
17. Identificar e describir os principios teóricos do deseño.
18. Coñecer, describir e analizar as características dun conxunto suficientemente amplo de obras máis representativas do deseño en xeral.
19. Incorporar de xeito creativo e razoado os valores creativos máis significativos da historia do deseño á propia actividade.
20. Ler e interpretar correctamente a documentación gráfica, infográfica e volumétrica que integra o proceso proxectual.
21. Utilizar os métodos de traballo máis apropiados para aumentar a eficiencia e a eficacia da propia actividade como deseñador/a.
22. Recoñecer os materiais empregados na materialización dos deseños, o proceso da súa produción, transformación e posta a punto como parte integrante do deseño.
23. Recoñecer valores significativos nos deseños alleos, tanto actuais como históricos, desde unha posición de crítica intelectual.
24. Entender a autoformación como un dos recursos máis valiosos para a mellora persoal e profesional ao longo da vida.

COMPETENCIAS QUE SE DESENVOLVEN NA DISCIPLINA

Competencias transversais:

- T1: Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
- T2: Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
- T3: Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
- T4: Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
- T6: Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersonal.



T7: Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.

T8: Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.

T13: Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

T14: Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.

Criterios de avaliación derivados das competencias transversais

T1: Mostra fases diferenciadas na memoria do proxecto.

Segue unha orde de traballo marcada pola profesora.

Mostra unha actitude positiva fronte ó traballo.

Traballa no proxecto fóra da escola, seguindo a porcentaxe de traballo que marcan as horas non presenciais.

Cumpre cos prazos establecidos.

Afonda nos seus propios procesos e técnicas creativas e presenta variedade de bosquejos, evitando quedar coa primeira opción.

T2: Investiga suficientemente os referentes e condicionantes dos proxectos, engadindo imaxes e definicións se é necesario.

T3: É resolutivo/a fronte ás dificultades que podan xurdir dentro da evolución do proxecto/traballo.

Toma solucións de cara ós seus modelos e maquetas e continúa o traballo aínda que xurdan imprevistos ou bloqueos.

T4: Presenta os traballos textuais en formato informático.

Emprega as ferramentas informáticas ata o nivel máis alto dentro do seu nivel adquirido.

Entrega arquivos en formato adecuado.

Emprega correctamente a Aula Virtual cando se lle require.

T6: Valora a calidade e a viabilidade dos seus proxectos e achegas ao grupo de traballo.



T7: Achega ideas e solucións ao grupo de traballo.

Respecta os turnos de palabra dentro do traballo grupal.

Valora as achegas dos seus compañeiros.

Defende as súas ideas argumentándoas fronte ao grupo.

T13: Presenta unha actitude positiva en canto á mellora nos traballos.

Esfórzase por cumprir os requerimentos dos traballos a entregar.

Emprega as ferramentas informáticas ata o nivel máis alto dentro do seu nivel adquirido.

Utiliza a linguaxe axeitada para defender os seus proxectos, tanto na memoria, como nas presentacións orais diante do tribunal, e para defender o proxecto.

Xustifica o proxecto coherentemente, e demostra ter a capacidade de facer una boa exposición, transmitindo e comunicando as ideas de maneira argumentada.

Demostra na práctica o seu dominio na metodoloxía proxectual específica do deseño, mediante a correcta presentación dos diferentes materiais requiridos no mesmo.

Indica axeitadamente as fontes de consulta, tanto electrónicas e audiovisuais como bibliográficas, citándoas mediante normas APA.

T 14: Segue as fases da metodoloxía proxectual.

Xestiona a información obtida en cada fase do proxecto.

As ideas seguen unha correlación dentro do proxecto.

As memorias do proxecto reflicten o traballo visual e textualmente.

Competencias xerais:

X1: Concibir, planificar e desenvolver proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos.

X2: Dominar as linguaxes e recursos expresivos da representación e da comunicación.

X3: Establecer relacións entre a linguaxe formal, a linguaxe simbólica e a funcionalidade específica.

X6: Promover o coñecemento dos aspectos históricos, éticos, sociais e culturais do deseño.



X20: Comprender o comportamento dos elementos que interveñen no proceso comunicativo, dominar os recursos tecnolóxicos da comunicación e valorar a súa influencia nos procesos e produtos do deseño.

X21: Dominar a metodoloxía de investigación.

Criterios de avaliación derivados das competencias xerais

X1: Establece xerarquías nos condicionantes a cumprir do seu deseño.

Considera a viabilidade e practicabilidade dos seus proxectos.

Ten en conta a simboloxía visual dos obxectos para desenvolver o seu proxecto.

Define suficientemente os elementos técnicos do proxecto como anclaxes, ferraxes, elementos de unión.

Adecúa a elección de materiais ao proxecto.

X2: Emprega os principios de composición visual nos documentos de presentación de proxecto (simetría, xerarquía de información, escala e cor adecuada, etc)

Achega planos técnicos válidos para a representación do proxecto (mínimo de plano xeral con vistas e plano detalle de ser necesario).

X3: Resolve a funcionalidade do obxecto a deseñar respectando os principios de composición visual.

Emprega referentes culturais nos seus deseños.

Dota os obxectos de simboloxía histórica ou cultural.

X6: Basea os proxectos en aspectos históricos, éticos, sociais e culturais.

Investiga adecuadamente os aspectos históricos, éticos, sociais e culturais que poden mellorar o seu deseño.

Explica e defende na presentación dos seus traballos os aspectos históricos, éticos, sociais e culturais do deseño.

X11: Argumenta e xustifica as eleccións formais nos seus bocetos e maquetas.

Móstrase aberto ao diálogo co cliente/profesora cando se cuestionan as súas ideas.

Mostra flexibilidade para aceptar as escollas e decisións do cliente/profesora.



Escoita e ten en conta as dúbidas que lle plantexa o cliente/profesora.

Avalía a viabilidade das súas propostas e fai variacións cando é necesario.

X20: Utiliza con coherencia os elementos que configuran a linguaxe específica do deseño, en relación ó proxecto proposto no briefing de traballo.

Presenta os proxectos de xeito profesional.

X21: Recolle na memoria e ten en conta os condicionantes do proxecto e a súa repercusión no proxecto.

Amosa unha actitude crítica e realista durante o proceso de elaboración do proxecto, axeitada aos criterios de innovación, xestión empresarial e as demandas do mercado.

Xustifica e expón o proxecto/tema de forma clara e argumentada.

A memoria recolle a metodoloxía proxectual levada a cabo e as motivacións do proceso creativo.

Afonda na temática do proxecto, facendo unha descrición clara e substancial do tema e recurrido a fontes de consulta fidedignas, enriquecendo o proxecto con información adicional e pertinente, complementaria á aportada pola profesora.

Demostra ter realizado unha investigación exhaustiva das distintas partes que interveñen no proxecto, que se concreta de forma gráfica a través de paneis conceptuais, de inspiración e carta(s) de cor, tanto a través do caderno de bosquejos, como da memoria proxectual.

Analiza os condicionantes do o proxecto desde criterios de innovación, xestión empresarial e demandas de mercado, así como as súas posibles repercusións no resultado final

O caderno de bosquejos reflicte as diferentes fases do proceso de traballo de deseño, está ben organizado e foi traballado en profundidade.

O número de propostas cumpre co mínimo esixido.

Afonda nos seus propios procesos e técnicas creativas e presenta variedade de bosquejos, evitando quedar coa primeira opción.

Describe de xeito claro e substancial as súas propostas e as motivacións que lle levaron até o concepto final.

As fichas e debuxos técnicos permitirían implementar o proxecto na realidade.

Competencias específicas:



EP2: Resolver problemas proxectuais mediante a metodoloxía, destrezas e procedementos adecuados.

EP4: Valorar e integrar a dimensión estética en relación ao uso e funcionalidade do produto.

EP5: Analizar modelos e sistemas naturais e as súas aplicacións no deseño de produtos e sistemas.

EP6: Determinar as solucións construtivas, os materiais e os principios de produción adecuados en cada caso.

EP15: Reflexionar sobre a influencia social positiva do deseño, a súa incidencia na mellora da calidade de vida e do ambiente e a súa capacidade para xerar identidade, innovación e calidade na produción.

Criterios de avaliación derivados das competencias específicas

EP2: O documento ten unha estrutura organizada na que se distinguen unha fase analítica (onde se recolle información previa), unha fase creativa (bocetos e maquetas) e unha fase executiva final (onde se presenta o produto final e se xustifica).

O caderno de bosquejos reflicte as diferentes fases do proceso de traballo de deseño, está ben organizado e foi traballado en profundidade.

O número de propostas cumpre co mínimo esixido.

Describe de xeito claro e substancial as súas propostas e as motivacións que lle levaron até o concepto final.

EP4: Deseña obxectos con calidade estética conservando a funcionalidade.

Aplica os principios de composición visual para producir a forma dos obxectos deseñados.

Respecta a funcionalidade dos obxectos como fin último do deseño.

EP5: Busca referentes visuais e estruturais na natureza.

EP6: Deseña produtos adecuados ao medio de fabricación.

Ten en conta os materiais de produción final dende a concepción da idea.

EP9: Presenta o proxecto de xeito profesional, cunha maquetación, selección de materiais de presentación, encadernación, montaxe... (segundo proceda) axeitados, incluíndo paxinado, índice, definición de estilos...

Respecta os principios de composición visual.

Presenta os conceptos con debuxos tridimensionais e de calidade.

Apréciase a tridimensionalidade nos bocetos.

Fai anotacións pertinentes para que se poidan comprender as ideas e conceptos.

EP15: Debate e aporta unha idea crítica do posicionamento do deseño na sociedade.

Comprende a importancia do deseño na sociedade actual e o seu impacto social e medioambiental.

3.2. Procedemento

O alumnado disporá de dúas convocatorias por curso. Unha convocatoria e avaliación Ordinaria e unha convocatoria e avaliación Extraordinaria para acadar os coñecementos sinalados no currículo das Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño.

Avaliación inicial

A avaliación inicial consiste nun cuestionario sobre o deseño, qué é, qué coñecementos inflúen nel e cal é a súa relación coa sociedade. Por medio desta proba avalíanse os coñecementos sobre deseño como disciplina en xeral e a capacidade do alumnado para redactar e argumentar a súa opinión.

Avaliación Ordinaria

O proceso de avaliación ordinaria implica a asistencia regular ás clases e realizar as probas teóricas ou prácticas das disciplinas que forman parte do currículo dos estudos nas datas sinaladas o longo do curso.

Debido ao carácter presencial das ensinanzas os traballos a entregar na convocatoria ordinaria, sexa no período da Avaliación Continua o na Proba Final, terán que ser supervisados durante a súa realización polo docente da disciplina, non sendo válido aquel traballo/proxecto que non cumpra este requisito.

Os traballos e probas parciais terán que realizarse e ser entregados na data indicada, salvo causa xustificada documentalmente.

Os traballos e probas deberán ser de elaboración propia. Todo o alumnado que incurra en plaxio terá automaticamente suspenso cunha nota de cero (0) o traballo en cuestión, e non terá dereito a repetilo no prazo establecido no mes de Maio-Xuño para a realización de traballos complementarios.



O alumnado que non teña unha asistencia regular ás clases, sempre que teña unha causa xustificada e poida acreditarla documentalmente, poderá solicitar na secretaría do centro mediante o impreso correspondente, a anulación da convocatoria ordinaria con anterioridade á data marcada para facer dita solicitude no calendario escolar do curso.

O procedemento da Avaliación Ordinaria das Ensinanzas Artísticas Superiores é de carácter continuo. Polo tanto o procedemento consistirá: nun período de avaliación continua do alumnado e dunha proba final.

**No caso posíbel de volta á docencia telemática, continuarase co ritmo e os contidos do curso de xeito normal. As clases, xa que non poderían ser presenciais, terían lugar vía WebEx no horario establecido de clase.*

Plantéxanse, ademais das clases telemáticas, titorías individuais para cada alumno, nun horario a establecer, para aclarar dúbidas e facer seguemento das actividades. Faráse moito fincapé nisto, para que os alumnos non perdan clase e poidan adquirir os coñecementos necesarios.

As actividades a resolver serán as indicadas nesta Programación, ofrecendo titorías individuais ao alumnado no horario a convir, compartindo pantalla a través de WebEx e facilitando así a formación do alumnado.

Período da Avaliación Continua:

Desaparece no curso 2020-2021, ao igual que no curso 2019-2020, a sesión de avaliación informativa de 1º, 2º e 3º curso do primeiro cuadrimestre, no seu lugar os docentes terán que comunicar ao alumnado as súas correccións e cualificación de forma periódica. Estas deberán ser analizadas nas reunións mensuais de nivel educativo, cara a ter un seguimento dos grupos por parte do equipo docente.

Nos 15 días seguintes á realización das Probas ou Entregas Parciais, os docentes facilitarán ao alumnado as correccións e cualificacións das mesmas, en base aos criterios de avaliación marcados pola Guía Docente e aos instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación marcados na Programación da disciplina.

A nota do período da Avaliación Continua Ordinaria sairá do resultado de facer a media das probas e entregas solicitadas durante o curso nas porcentaxes marcadas nos criterios de cualificación da programación.

As probas e entregas parciais son probas liberatorias de materia na convocatoria ordinaria. De superar a materia por parciais o alumnado quedará liberado da realización da Proba Final.

O alumnado que non acade no proceso de avaliación continua unha nota suficiente para superar a disciplina (5) terá a posibilidade de recuperala mediante a realización dunha proba ou entrega final de segunda oportunidade no mes de maio-xuño.



**Aplicaranse os mesmos criterios no caso dunha posíbel volta á docencia telemática.*

Proba Final Ordinaria:

A proba final da convocatoria ordinaria é para dar unha segunda oportunidade ao alumnado que non superou por entregas/probas parciais a disciplina no período da Avaliación Continua. Poderá tratarse, dependendo do carácter da disciplina, dunha nova proba teórica e/ou teórico-práctica, e/ou da realización e entrega de traballos/probas prácticas non superados, sempre que teñan un seguimento por parte do/a docente durante a súa realización.

As probas e entregas parciais do período da Avaliación Continua son probas liberatorias de materia na convocatoria ordinaria. O alumnado podará presentarse á parte ou partes da disciplina que non superou nas probas/traballos parciais no caso de non acadar o aprobado (5) na nota final do período da Avaliación Continua.

Para cualificar a Proba Final se empregarán os mesmos criterios de avaliación e cualificación que no período de avaliación continua, recollendo do período da Avaliación Continua as cualificacións das Probas e Traballos parciais realizados co seguimento por parte da/o docente, así como as dos apartados de actitude e participación do alumnado.

A nota final sairá do resultado de facer a media das probas e entregas solicitadas durante o curso nas porcentaxes marcadas nos criterios de cualificación da programación, engadíndolle as notas da proba final no lugar das entregas parciais correspondentes.

A falta de asistencia o día de realización da proba final, salvo causa xustificada documentalmente, implica o abandono da mesma.

**Aplicaranse os mesmos criterios no caso dunha posíbel volta á docencia telemática. Poderían producirse reaxustes nas porcentaxes expostas a continuación.*

Táboa aclaratorias sobre o procedemento de avaliación ordinaria das EEAASS nas disciplinas Teórico-Práctica:

Procedemento de Avaliación Ordinaria	Necesidade de asistencia ou realización	% de asistencia e realización	Instrumento de control de asistencia ou realización	Mecanismo para compensar a non asistencia	A asistencia ou realización otorgada	Cualificación numérica
DISCIPLINAS						



Actividades Presenciais convocatorias Ordinaria	TEÓRICO-PRÁCTICAS						unha cualificación numérica para a cualificación final
	Instrumentos de avaliación	ón			a ou realización		
	Clases Teóricas e Prácticas	Si	80-100%	Rexistro de asistencia	-	Si***	-
	Traballos/Probas ** Teóricas Parciais	Si	100%	Entrega	Proba Final	Si	0-10
	Traballos/Probas ** Prácticas Parciais	Si	100%	Entrega	Proba Final	Si	0-10
	Tutorías	Non	-	Rexistro de asistencia	-	Non	-
Proba Final* (ou de segunda oportunidade)	Non	-	Proba Teórico-Práctica/ Entrega traballos	-	Si	0-10	

* O alumnado poderá presentarse coa parte da disciplina que non superou nas probas/traballos parciais no caso de non acadar o aprobado (5).

** Son probas liberatorias de materia. De superar a materia por parciais quedará liberado da Proba Final.

*** Se recolle nos apartados de actitude e participación e de traballo diario nas porcentaxes de cualificación.

A nota final da convocatoria ordinaria sairá de facer a media que corresponda segundo os apartados das táboas seguintes:



Disciplinas Teórico-prácticas Instrumentos de avaliación	Porcentaxes de cualificación da Convocatoria Ordinaria	
	Avaliación Contínua	Proba Final ⁴
	Setembro - Maio	Maio
Memorias / Probas teóricas ¹	20%	20%
Proxectos / Probas prácticas ²	65%	65%
Rexistro do traballo diario na aula ³	10%	10%
Rexistro da actitude e participación ³	5%	5%

1 Debido ao carácter eminentemente práctico dalgunhas disciplinas esta porcentaxe poderá ser asumida e valorada mediante a aplicación da teoría nos proxectos, exercicios ou probas prácticas expostas, polo que a porcentaxe deste apartado sumarase ao que corresponda.

2 Debido ao carácter presencial das ensinanzas os traballos a entregar na convocatoria ordinaria, sexa na Avaliación Continua o na Proba Final, terán que ser supervisados durante a súa realización polo docente da disciplina e entregados na data indicada, non sendo válido aquel traballo/proxecto que non cumpra este requisito, salvo causa xustificada documentalmente. A porcentaxe deste apartado sairá de facer a media de tódalas entregas solicitadas no curso segundo se marque na programación.

3 Ter esta porcentaxe implica que temos que ter contemplado e definido na programación uns instrumentos de cualificación (diario de aula, fichas, etc) onde quede rexistrado o traballo diario e a actitude e participación do alumnado.

4 A proba final da convocatoria ordinaria é para dar unha segunda oportunidade ao alumnado que non superou por entregas/probas parciais a disciplina. Poderá tratarse dunha proba teórico-práctica e/ou dunha nova realización e entrega dos traballos non superados sempre que teñan un seguimento por parte do/a docente durante a súa realización. A falta de asistencia o primeiro día de realización das probas finais, salvo causa xustificada documentalmente, implica o abandono da mesma.

**Poderían producirse reaxustes nas porcentaxes no caso da volta á docencia telemática.*



Avaliación Extraordinaria

Debido ao carácter presencial das ensinanzas **os traballos a entregar na convocatoria extraordinaria, terán que ser supervisados durante a súa realización polo docente da disciplina**, nas horas de titorías establecidas para o período da avaliación extraordinaria, **non sendo válido aquel traballo/proxecto que non cumpra este requisito**.

Para optar a nota final consistente na media das partes que forman a proba extraordinaria, o alumnado terá que acadar un 5 en cada unha delas.

A falta de asistencia o primeiro día de realización das mesmas, salvo causa xustificada documentalmente, implica o abandono da mesma.

A nota final da convocatoria extraordinaria sairá de facer a media que corresponda segundo os apartados das táboas seguintes:

	Porcentaxes de Cualificación da Convocatoria Extraordinaria
Disciplinas Teórico- prácticas	
Instrumentos de avaliación	Proba Extraordinaria
	Xuño
Probas teóricas / Memorias	0-30%
Probas Prácticas / Proxectos	70-100%

**Poderían producirse reaxustes nas porcentaxes no caso da volta á docencia telemática.*

3.3. Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

Traballos prácticos	Traballos prácticos para asimilar e practicar conceptos teóricos.		65%
Traballos ou probas teóricas	Diversos traballos a realizar ao longo do curso: comentarios, lectura e interpretación de libros, etc. Probas parciais.	Adquisición das competencias e obxectivos conceptuais. Adquisición dunha linguaxe crítica, opinións propias argumentadas, etc.	20%
Traballo diario na aula		Atención, aproveitamento do tempo, traballo continuado...	10%
Actitude e participación		Interese, participación, esforzo, puntualidade, cumprimento das normas...	5%

3.4. Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación

Debido ao carácter presencial das ensinanzas **os traballos a entregar na convocatoria extraordinaria, terán que ser supervisados durante a súa realización polo docente da disciplina**, nas horas de titorías establecidas para o período da avaliación extraordinaria, **non sendo válido aquel traballo/proxecto que non cumpra este requisito.**

Para optar a nota final consistente na media das partes que forman a proba extraordinaria, o alumnado terá que acadar un 5 en cada unha delas.



A falta de asistencia o primeiro día de realización das mesmas, salvo causa xustificada documentalmente, implica o abandono da mesma.

A nota final da convocatoria extraordinaria sairá de facer a media que corresponda segundo os apartados das táboas seguintes:

Disciplinas Teórico-prácticas	Porcentaxes de Cualificación da Convocatoria Extraordinaria
	Proba Extraordinaria
Instrumentos de avaliación	Xuño
Probas teóricas / Memorias	70-100%
Probas Prácticas / Proxectos	0-30%

**Poderían producirse reaxustes nas porcentaxes no caso da volta á docencia telemática.*

3.5. Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais

Seguirase o criterio determinado polo decreto de Atención á Diversidade da ORDE 8 de Setembro de 2021.

Adaptación no caso de haber alumnos con problemas de ansiedade, depresión, etc. na eventual volta ao confinamento e á docencia telemática.

4 Metodoloxía, recursos e actividades complementarias

Os criterios tidos en conta á hora de temporalizar os contidos foron:

1. A duración do curso

2. As horas lectivas semanais (3)
3. A tipoloxía dos traballos: asígnase o tempo de dedicación segundo a súa dificultade, tratando de acadar sempre un equilibrio
4. Os períodos vacacionais
5. Unha posible volta á docencia telemática

Nembargantes, debe terse en conta a realidade do grupo -nivel, cantidade de alumnos- adaptando deste modo a temporalización a dita realidade.

Segundo as características do alumnado adaptárase a programación:

1. A coñecementos previos, nivel global e particular da clase
2. Importancia de todo o proceso
3. Diversidade, se fora o caso
4. Necesidade por parte do alumnado de realización de actividades de apoio/reforzo segundo as esixencias particulares

Actividades introductorias	Explicación aos alumnos/as dos contidos da materia ao longo do curso, incidindo nas competencias e nos contidos que se traballan, a metodoloxía e o sistema de avaliación.
Exposición maxistral	Explicación por parte da profesora na aula dos contidos dos temas ou unidades didácticas enumeradas. Clases telemáticas no caso de voltar á docencia online.
Prácticas presenciais	Resolución por parte do alumnado dos exercicios prácticos propostos en cada tema, a partires dos contidos teóricos.
Prácticas non presenciais	Resolución por parte do alumnado das actividades e problemas propostos nalgúns temas mediante traballos autoxestionados onde completará os coñecementos teórico-prácticos.
Práctica individual	Desenvolvemento dos exercicios propostos en cada tema, mediante traballo presencial e non presencial, aplicando os coñecementos explicados na clase. Revisar e corrixir de forma continua o traballo de clase, individual ou de grupo.
Exposición e debate.	Exposición e defensa por parte do alumnado de algún dos traballos realizados o longo do curso.
Tutorías docentes	A súa finalidade é resolver dúbidas, tutelar e coordinar as prácticas. Poderán ter lugar en WebEx tanto individual coma colectivamente, no caso dunha eventual volta á docencia telemática.
Actividades de avaliación	Formativa - Comprender o funcionamento cognitivo fronte as tarefas. - Adaptar os procesos aos progresos e dificultades.



Actividades complementarias.	Sumativa
	- Comprobar si se adquiriron as competencias previas. - Establecer balances dos resultados.
	Actividades realizadas para complementar a formación, academicamente dirixidas, relacionadas cos contidos e realizadas cos contidos e realizadas no centro ou fora del.